

## 1. Documentación para cumprimento da documentación relativa á Protección de datos

As entidades estarán obrigadas ao cumprimento da normativa en materia de protección de datos de carácter persoal e en concreto, do Regulamento Xeral de Protección de Datos (RGPD). Así mesmo, os datos de carácter persoal das persoas beneficiarias atendidos incorporaranse ao ficheiro de datos de carácter persoal Xestión de Servizos Sociais, creado pola Orde do 15 de decembro de 2011.

Para tales efectos:

- O persoal das entidades que trate cos datos de carácter persoal das/os participantes nas actuacións subvencionadas asinará a correspondente **cláusula de segredo profesional. Aquelas persoas que xa a teñan asinada de anos anteriores, non será necesario que a volvan asinar.** Estas cláusulas serán asinadas e enviadas ao Servizo de Coordinación de Programas de Inclusión ou ao Servizo de atención ás persoas inmigrantes segundo corresponda, unha vez se resolva a Orde de subvención. O modelo pódese descargar no seguinte enlace:  
*(pendente de subir enlace)*
- As persoas participantes nos servizos subvencionados asinarán a **autorización para a recollida dos seus datos** de carácter persoal que quedará en poder da entidade a efectos de inspección e auditoría. O modelo se pode descargar no seguinte enlace:
  - o Autorización na que o participante permite a comunicación de datos a terceiros para o cumprimento do itinerario de inclusión. O modelo de cláusula está no seguinte enlace:  
[http://edicionpoliticassocial.xunta.gal/export/sites/default/Benestar/Biblioteca/Documentos/Axudas/Autorizacion\\_LOPD\\_180618.pdf](http://edicionpoliticassocial.xunta.gal/export/sites/default/Benestar/Biblioteca/Documentos/Axudas/Autorizacion_LOPD_180618.pdf)